



ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15023466	Lamas de Abade	Santiago de Compostela	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IMP	Imaxe persoal	CMIMP02	Peiteado e cosmética capilar	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0852	Empresa e iniciativa emprendedora	2024/2025	3	53	63

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	JOSEFA NATIVIDAD BARREIROS DOSIL
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector



2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O módulo de EIE é común a todos os ciclos formativos tanto de grado medio como superior.

A situación de crise económica xeralizada na actualidade non presenta o mellor escenario posíbeis para a saída ao mercado laboral do alumnado.

Os contidos do módulo de Empresa e Iniciativa Emprendedora son de importancia clave para comprender como funciona unha empresa e como se crea unha empresa. Aspectos moi importantes, xa que no sector de actividade hai moitos profesionais autónomos e pequenas empresas. Será importante co alumnado vexa a iniciática emprendedora coma unha oportunidade de traballo.

Na medida en que é un módulo común, e obvio que os RA non forman parte das cualificacións profesionais (completas ou incompletas) específicas de cada ciclo formativo. O mesmo podemos dicir das unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais incluídas en cada titulación.

Tanto polas competencias como polos obxectivos xerais, podemos constatar co currículo adecúase as características de calqueira empresa e calqueira ámbito produtivo.

Esto non obsta para que nesta programación concretemos, polo menos a nivel de exemplos e busca de información, aspectos comúns dos currículos das empresas do sector.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	O mundo da empresa. A idea emprendedora.	Descrición do que é unha empresa e os seus elementos. Análise de ideas emprendedoras.	10	15
2	Aspectos xurídico-legais da empresa.	Descrición dos aspectos xurídico-legais dunha empresa.	10	15
3	Aspectos económicos- financeiros da empresa.	Descrición dos aspectos económico-financeiros da empresa.	10	15
4	O Proxecto empresarial.	Realización do Proxecto empresarial dunha empresa.	33	55

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	O mundo da empresa. A idea emprendedora.	10



4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Desenvolve o seu espírito emprendedor identificando as capacidades asociadas a el e definindo ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade.	SI
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	SI
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identificouse o concepto de innovación e a súa relación co progreso da sociedade e o aumento no benestar dos individuos.
CA1.2 Analizouse o concepto de cultura emprendedora e a súa importancia como dinamizador do mercado laboral e fonte de benestar social.
CA1.3 Valorouse a importancia da iniciativa individual, a creatividade, a formación, a responsabilidade e a colaboración como requisitos indispensables para ter éxito na actividade emprendedora.
CA1.4 Analizáronse as características das actividades emprendedoras no sector de imaxe persoal.
CA1.5 Valorouse o concepto de risco como elemento inevitable de toda actividade emprendedora.
CA1.6 Valoráronse ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación, pola creatividade e pola súa factibilidade.
CA1.7 Decidiuse a partir das ideas emprendedoras unha determinada idea de negocio do ámbito de peiteado e cosmética capilar, que ha servir de punto de partida para a elaboración do proxecto empresarial.
CA1.8 Analizouse a estrutura dun proxecto empresarial e valorouse a súa importancia como paso previo á creación dunha pequena empresa.
CA2.1 Valorouse a importancia das pequenas e medianas empresas no tecido empresarial galego.
CA2.2 Analizouse o impacto ambiental da actividade empresarial e a necesidade de introducir criterios de sustentabilidade nos principios de actuación das empresas.
CA2.3 Identificáronse os principais compoñentes do contorno xeral que rodea a empresa e, en especial, nos aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
CA2.4 Apreciouse a influencia na actividade empresarial das relacións coa clientela, con provedores, coas administracións públicas, coas entidades financeiras e coa competencia como principais integrantes do contorno específico.



Criterios de avaliación
CA2.5 Determináronse os elementos do contorno xeral e específico dunha pequena ou mediana empresa de peiteado e cosmética capilar en función da súa posible localización.
CA2.6 Analizouse o fenómeno da responsabilidade social das empresas e a súa importancia como un elemento da estratexia empresarial.
CA2.7 Valorouse a importancia do balance social dunha empresa relacionada co peiteado e a cosmética capilar, e describíronse os principais custos sociais en que incorren estas empresas, así como os beneficios sociais que producen.
CA2.8 Identificáronse, en empresas de peiteado e cosmética capilar, prácticas que incorporen valores éticos e sociais.
CA2.9 Definíronse os obxectivos empresariais incorporando valores éticos e sociais.
CA2.10 Analizáronse os conceptos de cultura empresarial, e de comunicación e imaxe corporativas, así como a súa relación cos obxectivos empresariais.
CA2.11 Describíronse as actividades e os procesos básicos que se realizan nunha empresa de peiteado e cosmética capilar, e delimitáronse as relacións de coordinación e dependencia dentro do sistema empresarial.
CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing.
CA3.9 Incluíuse no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións.

4.1.e) Contidos

Contidos
Innovación e desenvolvemento económico. Principais características da innovación na actividade de peiteado e cosmética capilar (materiais, tecnoloxía, organización da produción, etc.).
A cultura emprendedora na Unión Europea, en España e en Galicia.
Factores clave das persoas emprendedoras: iniciativa, creatividade, formación, responsabilidade e colaboración.
Actuación das persoas emprendedoras no sector de imaxe persoal.
O risco como factor inherente á actividade emprendedora.
Valoración do traballo por conta propia como fonte de realización persoal e social.
Ideas emprendedoras: fontes de ideas, maduración e avaliación destas.
Proxecto empresarial: importancia e utilidade, estrutura e aplicación no ámbito de peiteado e cosmética capilar.
A empresa como sistema: concepto, funcións e clasificacións.



Contidos
Análise do contorno xeral dunha pequena ou mediana empresa de peiteado e cosmética capilar: aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
Análise do contorno específico dunha pequena ou mediana empresa de peiteado e cosmética capilar: clientes, provedores, administracións públicas, entidades financeiras e competencia.
Localización da empresa.
A persoa empresaria. Requisitos para o exercicio da actividade empresarial.
Responsabilidade social da empresa e compromiso co desenvolvemento sustentable.
Cultura empresarial, e comunicación e imaxe corporativas.
Actividades e procesos básicos na empresa. Organización dos recursos dispoñibles. Externalización de actividades da empresa.
Descrición dos elementos e estratexias do plan de produción e do plan de márketing.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Aspectos xurídico-legais da empresa.	10

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Analizouse o concepto de persoa empresaria, así como os requisitos que cómpren para desenvolver a actividade empresarial.
CA3.2 Analizáronse as formas xurídicas da empresa e determinándose as vantaxes e as desvantaxes de cada unha en relación coa súa idea de negocio.
CA3.3 Valorouse a importancia das empresas de economía social no sector de imaxe persoal.



Criterios de avaliación
CA3.4 Especificouse o grao de responsabilidade legal das persoas propietarias da empresa en función da forma xurídica elixida.
CA3.5 Diferenciouse o tratamento fiscal establecido para cada forma xurídica de empresa.
CA3.6 Identificáronse os trámites esixidos pola lexislación para a constitución dunha pequena ou mediana empresa en función da súa forma xurídica.
CA3.7 Identificáronse as vías de asesoramento e xestión administrativa externas á hora de pór en marcha unha pequena ou mediana empresa.
CA3.8 Analizáronse as axudas e subvencións para a creación e posta en marcha de empresas de peiteado e cosmética capilar tendo en conta a súa localización.

4.2.e) Contidos

Contidos
Formas xurídicas das empresas. Responsabilidade legal do empresario. A fiscalidade da empresa como variable para a elección da forma xurídica. Proceso administrativo de constitución e posta en marcha dunha empresa. Vías de asesoramento para a elaboración dun proxecto empresarial e para a posta en marcha da empresa. Axudas e subvencións para a creación dunha empresa de peiteado e cosmética capilar. Plan de empresa: elección da forma xurídica, trámites administrativos, e xestión de axudas e subvencións.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Aspectos económicos- financeiros da empresa.	10

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.	NO



Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.5 Diferenciouse o tratamento fiscal establecido para cada forma xurídica de empresa.
CA3.6 Identificáronse os trámites esixidos pola lexislación para a constitución dunha pequena ou mediana empresa en función da súa forma xurídica.
CA3.7 Identificáronse as vías de asesoramento e xestión administrativa externas á hora de pór en marcha unha pequena ou mediana empresa.
CA4.1 Analizáronse os conceptos básicos de contabilidade, así como as técnicas de rexistro da información contable: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.
CA4.2 Descríbense as técnicas básicas de análise da información contable, en especial no referente ao equilibrio da estrutura financeira e á solvencia, á liquidez e á rendibilidade da empresa.
CA4.3 Definíronse as obrigas fiscais (declaración censual, IAE, liquidacións trimestrais, resumes anuais, etc.) dunha pequena e dunha mediana empresa relacionada co peiteado e a cosmética capilar, e diferenciáronse os tipos de impostos no calendario fiscal (liquidacións trimestrais e liquidacións anuais).
CA4.4 Formalizouse con corrección, mediante procesos informáticos, a documentación básica de carácter comercial e contable (notas de pedido, albarás, facturas, recibos, cheques, obrigas de pagamento e letras de cambio) para unha pequena e unha mediana empresa de peiteado e cosmética capilar, e describíronse os circuitos que recorre esa documentación na empresa.
CA4.5 Elaborouse o plan financeiro e analizouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial.

4.3.e) Contidos

Contidos
Análise das necesidades de investimento e das fontes de financiamento dunha pequena e dunha mediana empresa no sector de imaxe persoal.
Concepto e nocións básicas de contabilidade: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.
Análise da información contable: equilibrio da estrutura financeira e razóns financeiras de solvencia, liquidez e rendibilidade da empresa.
Plan financeiro: estudo da viabilidade económica e financeira.
Obrigas fiscais dunha pequena e dunha mediana empresa.



Contidos
Ciclo de xestión administrativa nunha empresa de peiteado e cosmética capilar: documentos administrativos e documentos de pagamento.
Coidado na elaboración da documentación administrativo-financeira.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	O Proxecto empresarial.	33

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	NO
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.	NO
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Valorouse a importancia das pequenas e medianas empresas no tecido empresarial galego.
CA2.3 Identificáronse os principais compoñentes do contorno xeral que rodea a empresa e, en especial, nos aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
CA2.6 Analizouse o fenómeno da responsabilidade social das empresas e a súa importancia como un elemento da estratexia empresarial.
CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing.
CA3.8 Analizáronse as axudas e subvencións para a creación e posta en marcha de empresas de peiteado e cosmética capilar tendo en conta a súa localización.
CA3.9 Incluíuse no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións.
CA4.5 Elaborouse o plan financeiro e analizouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial.



4.4.e) Contidos

Contidos
Vías de asesoramento para a elaboración dun proxecto empresarial e para a posta en marcha da empresa. Axudas e subvencións para a creación dunha empresa de peiteado e cosmética capilar. Plan de empresa: elección da forma xurídica, trámites administrativos, e xestión de axudas e subvencións. Análise das necesidades de investimento e das fontes de financiamento dunha pequena e dunha mediana empresa no sector de imaxe persoal. Obrigas fiscais dunha pequena e dunha mediana empresa.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Valorouse a importancia da iniciativa individual, a creatividade, a formación, a responsabilidade e a colaboración como requisitos indispensables para ter éxito na actividade emprendedor I Analizáronse as características das actividades emprendedoras no seu sector. I Identificouse o concepto de innovación e a súa relación co progreso da sociedade e o aumento no benestar dos individuos. I Valorouse o concepto de risco como elemento inevitable de toda actividade emprendedora. I Decidiuse a partir das ideas emprendedoras unha determinada idea de negocio, que ha servir de punto de partida para a elaboración do proxecto empresarial I Analizouse o concepto de persoa empresaria, así como os requisitos que cómpren para desenvolver a actividade empresarial. I Analizáronse as formas xurídicas da empresa e determináronse as vantaxes e as desvantaxes de cada unha en relación coa súa idea de negocio I Especificouse o grao de responsabilidade legal das persoas propietarias da empresa en función da forma xurídica elixida. I Identificáronse os trámites exixidos pola lexislación para a constitución dunha pequena ou mediana empresa en función da súa forma xurídica I Analizouse o fenómeno da responsabilidade social das empresas e a súa importancia como un elemento da estratexia empresarial I Identificáronse os principais compoñentes do contorno xeral que rodea a empresa e, en especial, nos aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural. I Apreciouse a influencia na actividade empresarial das relacións coa clientela, con provedores, coas administracións públicas, coas entidades financeiras e coa competencia como principais integrantes do contorno específico. I Definíronse as obrigas fiscais (declaración censual, IAE, liquidacións trimestrais, resumes anuais, etc.) dunha pequena e dunha mediana empresa e diferenciáronse os tipos de impostos no calendario fiscal (liquidacións trimestrais e liquidacións anuais. I Analizáronse as axudas e subvencións para a creación e posta en marcha dunha empresa tendo en conta a súa localización.
--



I

Analizáronse os conceptos básicos de contabilidade, así como as técnicas de rexistro da información contable: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.

I Formalizouse con corrección, mediante procesos informáticos, a documentación básica de carácter comercial e contable (notas de pedido, albarás, facturas, recibos, cheques, obrigas de pagamento e letras de cambio) para unha pequena e unha mediana empresa e describíronse os circuitos que recorre esa documentación na empresa.

I

Os criterios de cualificación serán os seguintes:

1. Unha ou varias probas escritas (exames). Consistirán en preguntas teóricas e exercicios ou supostos prácticos. A proba escrita de cada parte da materia consistirá nun cuestionario con afirmacións para identificar se son verdadeiras ou falsas ou con preguntas test con elección da alternativa correcta, e/ou preguntas curtas e, de ser o caso, casos prácticos similares aos realizados na clase.

Notas aclaratorias para a realización de probas escritas avaliáveis:

* Salvo autorización expresa, para realizar algunha tarefa en concreto, está prohibido a utilización de teléfonos móbiles, ou calquera outro dispositivo que poida almacenar información ou que poida ter conexión a internet.

* No caso de que se detecte algún alumno/a copiando, solicitaráselle que entregue a proba e comunicaráselle que como consecuencia do feito lle queda esa proba suspensa.

* A puntuación de cada pregunta figurará na folla de exame, de non aparecer, significaría que todas as preguntas teñen o mesmo valor.

A puntuación obtida nesta proba suporá un 80% da cualificación final do módulo.

.2. As tarefas consistentes en casos prácticos de desenvolvemento e aplicación da materia impartida, consistentes na realización de actividades/tareas con resolución escrita .

As tarefas calificables (referentes a contidos propios do plan de empresa, e das unidades formativas) constituirán 20% restante da nota.

A cualificación de cada unha das avaliacións obterase cos parámetros anteriormente indicados obtendo unha cualificación numérica de 1 a 10. Nos boletíns de cualificacións redondearase a nota a número enteiro máis próximo por exceso ou defecto, excepto que esta sexa inferior a 5. En este caso non se redondeará xa que para poder superar cada avaliación é necesario ter como mínimo un 5. As cualificacións inferiores a 1 cualifícaranse en todo caso con un 1.

A cualificación final do módulo de EIE será a media, das dúas avaliacións. Aplícanse as mesmas normas de redondeo que no parágrafo anterior.

O alumno que non acade unha cualificación mínima de 5 deberá presentarse a un exame final de toda a materia ou da materia suspensa, que será realizado previamente á avaliación final do mes de xuño. Este exame consistirá nunha proba teórico - práctica sobre tódolos contidos desta programación non superados, que se deberá aprobar cunha nota mínima de 5 para poder superar o módulo de EIE.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

MELLORA DA CUALIFICACION PREVIA Ó EXAME FINAL

O alumnado con materia pendente, terá a posibilidade de recuperación da proba escrita (exame) mediante a superación dunha proba escrita teórico - que teñan pendente e na que deberán obter como mínimo 5 puntos sobre un total de 10.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado que perdera o dereito á avaliación continua non poderá presentarse ás probas escritas que se convoquen regularmente en cada avaliación. Este alumnado deberá examinarse de tódolos contidos impartidos ao longo do curso nun único exame final.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Faranse reunións de departamento periódicas para o seguimento da programación didáctica do módulo.

Na reunión farase unha valoración xeral das actividades de ensino-aprendizaxe realizadas ata o momento, especialmente no que afecta o tempo que precisan para o seu correcto desenvolvemento, a metodoloxía empregada, os resultados de avaliación obtidos e as oportunas medidas de axuste que se propoñan para a mellora da práctica docente.

O remate do curso farase unha memoria cos datos xerais do curso e unha relación propostas concretas e xustificadas de mellora para o vindeiro curso, especialmente no que afecta as instalacións, os recursos, as actividades, a metodoloxía, a avaliación e a temporalización dos contidos.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao comezo das actividades do curso académico, farase unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar ao alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

Nesta sesión, o profesor ou a profesora que se encarguen da tutoría darán a información dispoñible sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas ou persoais, con incidencia educativa, de cantos alumnos e alumnas o compoñan.

Antes da sesión de avaliación inicial relizarase por parte de cada alumno un exame sobre cuestión de coñecemento previo da materia.



8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Considérase alumnado con necesidades específicas de apoio educativo aquel que presenta necesidades educativas especiais debidas a diferentes graos e tipos de capacidades persoais de orde física, psíquico, cognitivo ou sensorial; o que, por proceder doutros países ou por calquera outro motivo, incorpórese de forma tardía ao sistema educativo, así como o alumnado que precise de accións de carácter compensatorio. Así mesmo, considérase alumnado con necesidade específica de apoio educativo o que presenta altas capacidades intelectuais.

En conclusión, entre o alumnado con necesidades educativas específicas, non só están os que presentan discapacidade algunha discapacidade, senón tamén:

- Estranxeiros (normalmente con descoñecemento do castelán). Minorías culturais (cultura xitana), que poden presentar necesidades de compensación educativa.
- Outro alumnado (alumnos procedentes de familias desestruturadas, itinerantes, de ambientes carenciales, enfermidade, de ambientes desfavorecidos.
- Pero tamén se inclúen os superdotados polas súas elevadas capacidades de carácter intelectual

A resposta ás necesidades educativas especiais supón optimizar os recursos materiais e persoais e organizar os distintos tipos de reforzo que estes alumnos necesitan para desenvolver as súas capacidades desde unha perspectiva integradora e normalizadora.

O apoio deséñase de forma individual e flexible.

O modelo de apoio está condicionado polo tipo de necesidades educativas dos alumnos, a metodoloxía, e organización da aula, o grao de coordinación entre o profesorado, os profesores de apoio e outros especialistas de que se dispoña, etc;

Modalidades de apoio:

- Individual ou en grupo.
- Dentro ou fóra da aula ordinaria.
- Previo á explicación do tema no grupo-clase.
- Simultáneo dentro do aula ordinaria.
- Posterior á explicación do tema.
- Calquera outra combinación.

É preciso mencionar unha serie de medidas de aplicación para este tipo de alumnado:

- Potenciación de técnicas de grupo (que axuden a interactuar).
- Medidas de atención individual (seguimento permanente nas súas actividades, métodos, comportamento, caderno, etc.)
- Potenciación de técnicas que supoñan facer e non só conceptos teóricos. Trátase de que constrúan a súa propia aprendizaxe.
- As tecnoloxías da información e a comunicación Interrelación entre as distintas unidades de traballo.
- Flexibilidade nas estratexias educativas.



9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Favorecerase a igualdade entre homes e mulleres (tratarase en todos os temas), así como a integración de alumnado con discapacidade, a través de actividades interactivas e colaborativas, non só transmisivas. Fomentarse o respecto mutuo, a igualdade de trato e a liberdade de pensamento. Utilizarase unha linguaxe non sexista e formas neutras como alumnado.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

As actividades complementarias e extraescolares serán as que determine o departamento de FOL para cada curso. Comprenderán sempre que sexa posible unha charla coloquio cun emprendedor dunha empresa do sector

10.Outros apartados

10.1) O PROXECTO EMPRESARIAL

O Proxecto Empresarial que ten que elaborar todo o alumnado realizarase en base a unha idea de negocio elixida por eles. Aínda que se fomentará que crean unha empresa adicada a actividades do seu sector, non será requisito ineludible. Por outra banda, a empresa poderá ser individual (una única persoa) pero tamén unha sociedade (unha persoa ou varias) ou cooperativa (varias persoas).

10.2) Pandemia

Para impartir este módulo, utilizarase como libro de apoio o libro "Empresa e Iniciativa Emprendedora" da editorial TulibrodeFp